

# ANUNCIO

## RELACIÓN FINAL DE ADMITIDOS PROCESO SELECTIVO TÉCNICO FORESTAL OBRADOIRO

Por medio do presente transcríbese a Resolución de Alcaldía de data de 09/11/2023:

“Por Resolución de alcaldía de data 24/10/2023 aprobouse a convocatoria e as bases para a selección do equipo docente e directivo do “OBRADOIRO DE EMPREGO MEDIOAMBIENTAL TORRE GOIÁNS III - BOIRO” (anuncio e bases da convocatoria publicadas no BOP da Coruña número 207 de data de 30/10/2023, na páxina web do concello [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal), así coma no taboleiro correspondente do Servizo público de emprego).

O 04/11/2023 rematou o prazo para a presentación de instancias de solicitude para tomar parte neste proceso selectivo.

Logo de revisadas as solicitudes de participación e comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases que rexen esta convocatoria, procede aprobar a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas.

### RESOLVO:

**Primeiro.-** Declarar definitivamente admitidas no proceso selectivo dun técnico forestal do Obradoiro de Emprego Medioambiental Torre de Goiáns III-Boiro, ás seguintes persoas aspirantes por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada nas bases que rexen este procedemento:

NOME
EMILIO SABORIDO FERNANDEZ
PABLO JOSE PORTA MAGARIÑOS

**Segundo.-** Nomear ó seguinte Tribunal Cualificador para o referido proceso selectivo, con arranxo á seguinte composición:

Presidenta: María Mariño Poza (Suplente: Severino Abalo Chouza)

Secretario: Martín Blanco Buceta (Suplente: M<sup>a</sup> Dolores Franco López)

Vogal 1: J. Andrés Coira Silva (Suplente: Ángela Resúa Rodríguez)

Vogal 2: Carmen Santamaría Olveira (Suplente: Emilio Piña Ordíz)

Vogal 3: César R. Tarela Pérez (Suplente: Carmen Saavedra Pego)

**Terceiro.-** Publicar esta resolución no Taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na web municipal [www.boiro.gal](http://www.boiro.gal) e convocar a tódalas persoas aspirantes admitidas para o mércores 15/11/2023 ás 12:30 horas no Salón de Plenos da Casa do Concello para a realización da fase de entrevista.

**Cuarto.-** Outorgar un prazo de ata o 11/11/2023 as persoas que, presentando debidamente a instancia de solicitude para este proceso selectivo, non consten nin como admitidas nin como excluídas.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar neste proceso selectivo. Cando da



documentación que deben presentar tras superar a oposición se deduzca que non posúen algún dos requisitos, as persoas interesadas decaerán en todos os dereitos que puideren derivar da súa participación.

**Quinto.-** Notificar a presente resolución ós membros do Tribunal de Selección e dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.”

Boiro, na data que se indica ao marxe, na sinatura dixital.

O SECRETARIO XERAL.

